



III TROFEO + DEPORTE LA REGIÓN DE ATLETISMO EN PISTA CUBERTA

REGULAMENTO

Artigo 1. ORGANIZACIÓN

Asociación Deportiva Atlética do Sil, Asociación Deportiva Limiactiva, Club Deportivo Aurum, Club Ourense Atletismo e a Escola de Atletismo Ben Cho Shey, coa colaboración da Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo organizan o III Trofeo + Deporte La Región de Atletismo en Pista Cuberta, que se celebrará o sábado 29 de xaneiro de 2022 ás 10:15 h., na Pista de Atletismo Cuberta de Ourense.

Artigo 2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO PROVISIONAL

Ver ANEXO I

Lonxitude – Triplo – Peso: 3 intentos.

Probas S8 de promoción, non se tomarán marcas, nin haberá clasificación.

Gran Prix (Xogando ao Atletismo): carreira de relevos con obstáculos e habilidades en competición directa dos equipos dos clubs organizadores. Os equipos deberán estar compostos por 2 homes e 2 mulleres, dando cada un deles media volta ao circuíto preparado para esta proba.

Coa relación de atletas admitidos/as publicarase o horario definitivo.

Artigo 3. PARTICIPANTES

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor.

Artigo 4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na intranet da RFEA ata as 20:00 h. do martes 25 de xaneiro de 2022. Os/as atletas deberán aportar a súa mellor marca para ser encadrados/as nas series.

Custe da inscrición: 3€/atleta (agás clubs organizadores).

Naquelas probas onde se supere o número máximo de participantes, terán garantida a súa inscrición os/as atletas pertencentes aos clubs organizadores.

Se os clubs organizadores superaran o número máximo de participantes nunha ou varias probas, admitiranse os/as atletas que acrediten mellor marca, garantindo que





todos os clubs organizadores podan ter representación de 2 atletas (1 en concursos), independentemente da súa marca.

Finalizado o prazo de inscrición publicárase a relación de atletas admitidos/as.

Artigo 5. RECOLLIDA DE DORSAIS

Os/as Delegados/as de cada club recollerán os dorsais na Secretaría de Competición.

Para os/as atletas Sub8 – Sub10 – Sub12 – Sub14 é obrigatorio entregar na Cámara de Chamadas a folla de Declaración Responsable, dispoñible na web atletismo.gal, debidamente cumprimentada e asinada.

Para os atletas Sub16 – Sub18 é obrigatorio presentar certificado de vacinación COVID ou a aportación do certificado da realización dun test de antíxenos ou PCR negativo cunha antelación máxima de 72 h. á celebración da proba ou ben a aportación de certificado médico conforme se superou a infección por COVID-19 nun período comprendido entre os 11 e os 180 días anteriores a celebración da proba.

Artigo 6. CÁMARA DE CHAMADAS

Todos/as os/as participantes deberán pasar por Cámara de Chamadas.

O horario de cámara de chamadas será publicado o venres, 28 de xaneiro de 2022 na web atletismo.gal

Artigo 7. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA e, de ser preciso, a normativa RFEA e WA.

Artigo 8. PROTOCOLO ANTI COVID-19

A competición desenvolverase seguindo o Protocolo FISICOVID-DXT GALEGO da Federación Galega de Atletismo en vigor.